



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 29 DE ABRIL DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00020975F.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00032042S.

Declaración de caducidade do expediente de imposición de penalidades á UTE XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL-CONSTRUCCIONES OREGA, SL (UTE CONCHEIROS 2 NIF: U 01 903 848), pola demora no cumprimento dos prazos de execución do contrato das obras definidas no proxecto denominado "Actuacións no Camiño Francés en Santiago de Compostela: remodelación da rúa Concheiros".

Acórdase:

Primeiro.- Declarar a caducidade do expediente de imposición de penalidades á UTE XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL-CONSTRUCCIONES OREGA, SL (UTE CONCHEIROS 2), pola demora no cumprimento dos prazos de execución do contrato das obras definidas no proxecto denominado "Actuacións no Camiño Francés en Santiago de Compostela: remodelación da rúa Concheiros".

Segundo.- Conservar, ao abeiro do establecido no artigo 51 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos e trámites deste expediente do que se declara a caducidade co fin de incorporalos ao novo expediente que se inicie de imposición de penalidades polos retrasos acumulados na execución das devanditas obras. En concreto e sen prexuízo de que se lles soliciten novos informes e incorporen ao expediente, consérvanse os informes emitidos pola dirección facultativa e responsables do contrato e polo arquitecto supervisor municipal emitidos respecto das ampliacións do prazo de execución solicitadas pola UTE XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, LCONSTRUCCIONES OREGA, SL (UTE CONCHEIROS 2).

3. CONTRATACIÓN. Referencia: XOB/511/20193.

INFORME-PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DE APROBACIÓN DAS CERTIFICACIÓNS ORDINARIAS 15 E 16 DO CONTRATO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REMODELACIÓN DA RÚA CONCHEIROS.

Acórdase:

1º) A aprobación das certificacións ordinarias 15 e 16 da obra de referencia e proceder aos pagos a conta, recoñecendo a obriga e declarando de abono das seguintes cantidades:

- A certificación nº 15 é por un total de 114.495,80 euros.

- A certificación nº 16 é por un total de 234.657,70 euros.

2º) A validación da omisión da función interventora de acordo co sinalado no informe do Interventor Municipal de data 28 de abril de 2022.

3º) Establecer como medida cautelar a retención da diferenza entre o importe resultante da liquidación das penalidades a imposer (96.881,40 euros) e o importe da garantía que ten constituída a adxudicataria (89.705,46 euros) nos termos previstos no referido informe da Sra. Xefa do Servizo de Contratación.